



**BASES CONTRATACIÓN DE PERSOAL PARA TRABALLOS QUE AFECTAN A SERVIZOS PÚBLICOS
ESENCIAIS DE CARÁCTER MUNICIPAL:**

Primeiro.- Aprobar as bases referidas á contratación de persoal laboral temporal para realización dos traballos que afectan a servizos públicos municipais esenciais que a continuación se transcriben:

1. Denominación e aplicación orzamentaria:

O presente programa ten por obxecto a realización de traballos que afectan a servizos públicos esenciais de carácter municipal, servizos cuxa competencia ven establecida no artigo 26.1.a) da Lei 7/1985, como mínima e obrigatoria para concellos de menos de 5.000 habitantes.

Trátase de contratar o persoal necesario para a realización das obras e servizos que pola súa urxencia e necesidade contribúan á mellora dos núcleos de poboación rurais do Concello, mediante o mantemento e conservación do acceso os mesmos, prevención de incendios forestais, limpeza, saneamento e a pavimentación dos seus viais, limpeza das áreas recreativas e outros, de acordo coas posibilidades orzamentarias municipais, por encontrarse en evidente estado de deterioro.

O programa afectaría a todas as parroquias de Concello segundo a memoria técnica redactada a eses efectos polos técnico competente ma materia.

Os créditos para gastos de persoal imputaranse á partida 241.131.00

2. Principios de actuación:

A necesidade de contribuír a promoción de emprego no Concello de Touro, implica así mesmo que a tramitación do expediente de contratación se realice a través do Servizo Galego de Emprego, co obxecto de que se cumpran os principios de publicidade, concorrencia, mérito, igualdade e non discriminación, promovendo así mesmo a diminuír a taxa de paro que afecta o Concello.

3. Persoal a contratar:

Para a realización das obras e servizos contrataranse tres albaneis oficiais de segunda, tres albaneis oficiais de terceira, e dous peóns de xardinería, coas seguintes características contractuais:

Oficiais de 2ª:

- Tipo de contrato: obra ou servizo de duración determinada.
- Xornada diaria: 4 horas.
- Duración: 6 meses.
- Salario bruto mensual: 899,44 euros.

Oficiais de 3ª (albaneis e xardineiros):

- Tipo de contrato: obra ou servizo de duración determinada.
- Xornada diaria: 4 horas.
- Duración: 6 meses.
- Salario bruto mensual: 875 euros.

4. Selección do persoal a contratar:

No suposto de que o número de demandantes de emprego interesados na contratación non supere o das prazas a cubrir, polo señor Alcalde procederase á súa contratación .



CONCELLO DE TOURO (A CORUÑA)

R.E.L. nº 01150853 – C.I.F. P-1508600-B – MU 2000/196

Para o caso de que o número de demandantes supere ao de prazas a cubrir, constituirase unha Comisión de Selección integrada polos seguintes membros:

- Presidente: D. Jesús-José Reboledo González, administrativo.
- Vogais.....: D^a María Paz Gutiérrez Abella, traballadora social.
D^a María Nieves González Mujico, educadora social.
D^a Ana María Pájaro Fernández, AEDL.
- Secretario: D. José Ramón Casal Orza, Auxiliar administrativo.

A Comisión valorará, mediante entrevista, os méritos alegados polos aspirantes na declaración responsable que subscribirán ao efecto, conforme aos seguintes criterios:

- a. Persoas en paro de longa duración (mínimo de 1 ano inscritos como demandantes de emprego): 1 punto.
- b. Pola condición de muller: 1 punto.
- c. Persoas desempregadas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego ás que tiveran dereito: 1 punto.
- d. Integrantes de colectivos en situación ou en risco de exclusión social (conforme aos criterios do artigo 3 da Lei 10/2013, de inclusión social de Galicia): 1 punto.
- e. Outras circunstancias que dificulten a integración social e laboral dos candidatos, ata un máximo de 1 punto, conforme ao seguinte baremo:
 - Falta de formación, de experiencia, carencia de medios de transporte, etc: 0,5 puntos.
 - Situación de desemprego continuada no tempo (máis de 2 anos sen emprego): 0,5 puntos.
- f. Situación económica da unidade familiar: Ata un máximo de 1,5 puntos, conforme ao seguinte baremo:
 - Ingresos inferiores ao IPREM: 1,5 puntos.
 - Ingresos entre 1 e 1,5 veces o IPREM: 1 punto.
 - Ingresos de máis de 1,5 ata 2 veces o IPREM: 0,5 puntos.
- g. Responsabilidades familiares: Ata un máximo de 2,5 puntos, a razón de 0,5 puntos por cada membro da unidade familiar a cargo do traballador/a (fillos menores, fillos maiores dependentes economicamente e outras persoas dependentes ou con discapacidade a cargo da unidade familiar).
- h. Pola condición de muller vítima de violencia de xénero: 1,5 puntos.
- i. Por coñecemento do medio: Ata un máximo de 1 punto. (Valorarase o coñecemento que teña o aspirante en relación coa xeografía, patrimonio, medios de comunicación, etc, relativos ao Concello de Touro.)
- j. Interese demostrado no traballo e dispoñibilidade: Ata un máximo de 1 punto. Valorarase a razón de 0,5 puntos o interese e 0,5 puntos a dispoñibilidade, segundo a declaración do candidato/a en relación coa contratación que se lle propón.
- k. Por capacidade e actitude para o traballo a desenvolver: Ata un máximo de 2,5 puntos. Valorarase a capacidade e a actitude en base ao currículo da oficina de emprego, tendo en conta os traballos realizados para a Administración Pública e a empresa privada (a razón de 0,15 puntos/mes na Administración Pública e 0,10 puntos/mes na empresa privada) en



CONCELLO DE TOURO (A CORUÑA)

R.E.L. nº 01150853 – C.I.F. P-1508600-B – MU 2000/196

traballos de saneamentos, pavimentación de vías públicas, traballos forestais, mantemento, limpeza de vías públicas, etc.

O resultado da selección deberá ser notificado á correspondente oficina de emprego segundo as disposicións legais vixentes. Farase unha relación da puntuación dos candidatos elixindo aos que mellor puntuación teñan en cada programa, quedando os demais como suplentes para a contratación por baixas e outras circunstancias que supoñan a extinción dos contratos por parte dos traballadores seleccionados.

Segundo.- A Comisión tomará as medidas necesarias para adaptar as probas aos criterios sanitarios establecidos para a prevención do COVID 19.

Terceiro.- A contratación corresponderá ao Sr. Alcalde. As presentes bases teñen carácter administrativo e están sometidas ao ámbito da xurisdición contencioso-administrativa.